

Concurso para elixir o logotipo de imaxe do 50.º aniversario da Facultade de Filoloxía

Prazo: 28/5/2024 - 28/6/2024

A Facultade de Filoloxía conmemorará no ano 2025 o 50.º aniversario da súa constitución. Por tal motivo, durante o ano académico 2024/2025 levaranse a cabo distintos actos para celebrar o devandito aniversario, que se irán publicando no momento oportuno. Entre as actuacións ou actividades que se planificaron está a creación dun logotipo de imaxe conmemorativo do aniversario, para o cal se creou este concurso.

Obxecto

Deseñar o logotipo que se utilizará como imaxe do 50.º aniversario da Facultade de Filoloxía

Participantes

Poderá participar calquera membro ou exmembro da Facultade de Filoloxía (PDI, PTXAS, estudantado).

Cada persoa poderá presentar un máximo de dúas propostas de forma individualizada.

Entrega

O deseño deberá aludir aos 50 anos da Facultade, ser orixinal e non presentarse anteriormente a outra convocatoria. Débese ter en conta que se poderá utilizar como imaxe de todas as actividades vinculadas coa conmemoración.

A entrega realizarase a través dun formulario da Microsoft accesíbel a través desta ligazón (<https://forms.office.com/e/ygnXfATjWD>) e deberá incluír o seguinte:

1. O logotipo en cor; o logotipo en branco e negro. O formato estará en soporte dixital, preferibelmente en formato vectorial escalábel (.ai, .svg, .pdf, .eps). Se se enviar nun formato con resolución fixa (.psd, .png, .jpg, .tiff...), deberase usar un tamaño mínimo de 2000 píxeles en longo ou ancho. Recoméndase, como mínimo, unha resolución de 150 píxeles por polgada.
2. Un escrito en que se explique, nun máximo de dez liñas, o significado do logotipo e, de ser o caso, a técnica empregada ou os datos que permitan a súa reprodución.
3. Un documento cos datos da persoa participante (o nome e os apelidos, o número do documento de identidade, o teléfono e o enderezo do correo electrónico).
4. A xustificación ou declaración de pertencer, actualmente ou no pasado, á Facultade.

Non obstante, aquelas persoas que xa non pertencen á USC, se non puidesen acceder ó formulario, deberán enviar polo correo postal os catro arquivos que se sinalan nas liñas anteriores gravados nunha memoria usb (*pendrive*) ao seguinte enderezo: Á Att. Sr. decano da Facultade de Filoloxía, Elias J. Feijó Torres, Facultade de Filoloxía, Avda. de Castelao s/n, 15782, Santiago de Compostela.

Prazo de presentación

O prazo de presentación será ata as 14 horas do venres, 28 de xuño de 2024.

Xurado e votación

O xurado estará composto polo decano, ou pola persoa en quen delegar, que o presidirá, e ademais por tres membros do comité organizador do 50.º aniversario da Facultade de Filoloxía e polo director do Gabinete do Reitor ou a persoa en quen delegar.

Entre todas as propostas presentadas o xurado elixirá 3 e fará pública a súa elección a través dos medios de difusión da Facultade no día 17 de xullo de 2024.

Premio

- 1.º premio: 500 euros
- 2.º premio: 200 euros
- 3.º premio: 100 euros

As propostas premiadas poderán ser utilizadas como imaxe de todas as actividades vinculadas coa conmemoración.

Propiedade intelectual

Sen prexuízo dos seus dereitos morais, as persoas premiadas cederán todos os dereitos de autoría en favor da USC, especialmente os dereitos de difusión e transformación. A Facultade non estará obrigada a empregar o deseño ou deseños gañadores. Tampouco non serán considerados como logotipo oficial ou imaxe corporativa oficial da Facultade.

As persoas gañadoras deberán asinar expresamente a cesión destes dereitos.

Comité organizador do 50.º aniversario da Facultade